

PR-G 87 Costa Norte de Oleiros

O PRG - 87 (sendeiro de Pequeno Recorrido Galego) é un roteiro de 20 quilómetros que discorre polo norte do Concello de Oleiros. De carácter circular, pódese percorrer en ambolosdous sentidos.

Camiñando por este roteiro de paisaxes espectaculares, sendeiros tranquilos, e arquitectura popular, pódese disfrutar dun medio ambiente privilexiado no que a actividade humana tenta integrarse coa paisaxe.

Dende o seu comezo na fermosa localidade de Mera o sendeiro conduce ata a Punta de Mera, onde se atopan os faros e a "Aula do Mar", antiga casa dos fareiros, convertida polo Concello de Oleiros nun Centro de Visitantes que presenta os valores do Monumento Natural Costa de Dexo-Serantes.

O Monumento Natural, é un espectacular espazo protexido polo que camiñaremos gran parte do percorrido. Atoparemos nel unha paisaxe de impresionantes cantís, aves mariñas, e tamén unha importante mostra da flora representativa deste tipo de ambientes, a herba namoradeira, por exemplo.

Nos arredores do Seixo Branco pódense apreciar as furnas e os seus bufadoiros, esculpidas nas rochas polo mesmo mar que rodea a illa da Marola cun valado de espuma; a bravura das augas fai realidade o dito "Quen pasou a Marola pasou a mar toda".



As corredeiras e camiños polos que descurre o PRG - 87 son tamén un paseo pola historia e o legado dos nosos antergos: os faros e as antigas baterías de costa, os milenarios castros coma o de Subiña, o de Punta Roza, ou o de Torrella, as igrexas de Dexo e de Maianca; e a pegada dos seus habitantes, dende os antigos muiños de auga de Maianca ata as novas bateas de Lorbé, fonte de riqueza para a comarca.

O PRG-87 é un paseo pola natureza e a historia, o pasado e o futuro do concello de Oleiros.



Ao norte do Concello de Oleiros, o PRG-87, levaranos por paraxes de beleza extraordinaria.

O seixo debuxa nos cantís a súa pegada branca, namentres as aves mariñas parecen flotar no aire. Moí perto de áreas densamente poboadas, a natureza é xenerosa cos seus agasallos.



Os arredores do roteiro amosan nos seus castros os sinais da antiga presenza humana. Ao longo do tempo sucédense as xeracións que saben aproveitar os froitos do mar e da terra.

Dexo, Mera, Maianca e Lorbé son os nomes dos lugares que atoparemos ao seguir o percorrido do PRG-87.

Natureza e cultura son as nosas riquezas. Conservándoas labramos o noso futuro.

Concello de  Oleiros



FEOGA
ORIENTACIÓN

Terra das Mariñas

ROTEIRO MARIÑÁN

PR-G
87

Costa Norte de Oleiros



Concello de  Oleiros

